

AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN EN EDUCACIÓN PRIMARIA · Curso 2021/22

En cumprimento da Disposición transitoria cuarta da Orde do 25 de xaneiro de 2022 procedeuse á modificación da versión anterior deste documento co obxectivo de adecualo aos cambios normativos que atinxen á avaliación, na promoción e na titulación do alumnado de primaria. As novidades introducidas están destacadas en tipografía de cor verde.

0. Consideracións xerais (EXTRACTO CAPÍTULO 6 - NOFC 8/9/2021)

NORMATIVA DE REFERENCIA:

- Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).
- Real Decreto 126/2014, do 28 de febreiro, polo que se establece o currículo básico de Educación Primaria.
- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia **(quedan derogados os artigos 2, 3 e 6)**
- **ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.**

CARÁCTER DA AVALIACIÓN:

- Ten como finalidades a valoración dos procesos e dos resultados de aprendizaxe do alumnado e o exercicio da práctica docente.
- A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas e na adquisición das competencias clave.
- Os mestres/as avaliarán tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensinanza e a súa propia práctica docente.
- **Co fin de garantir o dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva e a que a súa dedicación, o seu esforzo e o seu rendemento sexan valorados e recoñecidos con obxectividade, estarase ao disposto na Orde do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato.**

DESENVOLVEMENTO DO PROCESO:

- Durante a primeira quincena do curso escolar, o profesorado de todas as materias realizará unha avaliación inicial coa finalidade de adecuar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria no seu proceso de aprendizaxe, incidindo na obtención de información sobre o grao de desenvolvemento das competencias básicas. Esta análise incluírá a análise dos informes persoais da etapa ou nivel anterior correspondentes e completaráse coa información obtida das familias.
- Durante o curso realizaranse para cada grupo tres sesións de avaliación, que formarán parte do calendario escolar. Serán presididas pola persoa titora, co resto de profesorado adscrito ao seu grupo, o director/a e xefe/a de estudos, e que recollerá en acta o desenvolvemento das sesións, o grao de desenvolvemento das competencias básicas, aprendizaxes acadadas e as decisións e acordos adoptados. Tamén se avaliará o proceso de ensino e da práctica docente, na que se reflectirán os resultados e as incidencias máis salientables dese trimestre. Polo tanto, estes son algúns dos procedementos de obrigado cumprimento que sempre se levan a cabo en cada unha das sesións de avaliación:
 - O titor/a achega unha valoración global do grupo. O resto do profesorado tamén pode intervir.
 - Comunícase a cantidade de aprobados ou suspensos nas distintas áreas, o alumnado con todo aprobado ou suspenso e a valoración do desenvolvemento das competencias clave.
 - Faise unha reflexión sobre as medidas a adoptar para o grupo, o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e para a resolución de diferentes problemáticas.
 - Os profesionais de Pedagogía Terapéutica (PT) e Audición e Linguaxe (AL) achegan un informe por escrito, asinado e selado, sobre o alumnado que apoiaron durante o trimestre.

AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN EN EDUCACIÓN PRIMARIA · Curso 2021/22

CUALIFICACIÓNS:

- Os resultados da avaliación expresaranse nos termos de «Insuficiente (IN)», para as cualificacións negativas, e «Suficiente (SU)», «Ben (BE)», «Notable (NT)» ou «Sobresaliente (SB)», para as cualificacións positivas. A estes termos daráselles unha cualificación numérica (agás nas materias de plástica e música), sen empregar decimais, nunha escala de un a dez, coas seguintes correspondencias:
 - Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4.
 - Suficiente: 5.
 - Ben: 6.
 - Notable: 7 ou 8.
 - Sobresaliente: 9 ou 10.
- A nota media das cualificacións numéricas obtidas en cada unha das áreas será a media aritmética das cualificacións de todas elas, redondeada á centésima máis próxima, e en caso de equidistancia, á superior.
- Os resultados da avaliación das competencias clave reflectiranse na acta de avaliación final de cada curso, expresándose nos termos de «Insuficiente (IN)», para as cualificacións negativas, e «Suficiente (SU)», «Ben (BE)», «Notable (NT)» ou «Sobresaliente (SB)», para as cualificacións positivas.
- A avaliación ordinaria ou final tratará de amosar do xeito máis fidedigno posible o grao de desenvolvemento do alumno/a en cada unha das materias logo das tres avaliacións do curso, polo que a súa cualificación non ten por que coincidir necesariamente coas acadadas o derradeiro trimestre.

COMUNICACIÓN AS FAMILIAS:

- Durante o curso o profesorado do centro manterá contacto coas familias para que sexan informadas sobre a evolución do proceso de ensinanza-aprendizaxe dos seus fillos.
- Ao remate de cada trimestre, o titor/a xerará os boletíns informativos para as familias do seu grupo segundo o informe predefinido AL009 da plataforma de xestión académica XADE. Nel aparecen os resultados da avaliación e faranse constar as observacións que se consideren significativas.
- Este documento será entregado en soporte papel ou por enderezo electrónico. As familias tamén poden acceder ao seu contido a través da plataforma abalarMobil.

CRITERIOS DE PROMOCIÓN DE CURSO OU ETAPA:

- Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor. A promoción no resto de cursos da etapa será automática.
- O alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior.
- O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase se, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfasamento curricular ou as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento. Nese caso, o equipo docente organizará un plan específico de reforzo para que, durante ese curso, a alumna ou o alumno poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes. Esta decisión só poderá adoptarse unha vez durante a etapa, oídas as nais, os pais ou as persoas que exerzan a tutoría legal, e terá, en todo caso, carácter excepcional.
- Ao finalizar os cursos segundo e cuarto da etapa o profesorado titor emitirá un informe sobre o grao de adquisición das competencias de cada alumna ou alumno, indicando, de ser o caso, as medidas de reforzo que se deben prever no ciclo seguinte.

AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN EN EDUCACIÓN PRIMARIA · Curso 2021/22

- Co fin de garantir a continuidade do proceso de formación do alumnado, cada alumna ou alumno disporá ao finalizar a etapa dun informe elaborado pola súa titora ou polo seu titor sobre a súa evolución e o grao de adquisición das competencias desenvolvidas. No caso de alumnado con necesidades educativas especiais, o informe deberá reflectir as adaptacións e medidas adoptadas, e a súa necesidade de continuidade na seguinte etapa escolar.

ACCESO Á INFORMACIÓN:

- Todas as familias que o soliciten segundo o procedemento estipulado nas Normas de Organización e Funcionamento do Centro poderán consultar os instrumentos de avaliación aplicados polo profesorado, así como as programacións didácticas das materias.

1 Primeiro de primaria

SÍNTESE DOS CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN CONTEMPLADOS NAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS:

	MODALIDADE PRESENCIAL			MODALIDADE NON PRESENCIAL *		
	Probas orais ou escritas	Traballo diario	Actitude	Probas orais ou escritas	Traballo diario	Actitude
Lingua galega	40 %	30 %	30 %	20 %	60 %	20 %
Lingua castelá	40 %	30 %	30 %	20 %	60 %	20 %
Matemáticas	40 %	30 %	30 %	20 %	60 %	20 %
Ciencias Naturais	40 %	30 %	30 %	20 %	60 %	20 %
Ciencias Sociais	40 %	30 %	30 %	20 %	60 %	20 %
Inglés	40 %	40 %	20 %	30 %	60 %	10 %
Plástica	60 % (bloc)	30 %	10 %	90 %	0 %	10 %
Relixión	0 %	60 %	40 %	0 %	80 %	20 %
Música	MODALIDADE PRESENCIAL E NON PRESENCIAL * Probas específicas: 30% Interpretación e análise: 30% Traballo diario: 25% Actitude: 25 %					
Educación Física	MODALIDADE PRESENCIAL			MODALIDADE NON PRESENCIAL		
	Consecución de ítems das unidades: 60 % Observación individual nas sesións: 30 % Actitude: 10 %			Tarefas (fichas, cuestionarios, etc...): 100 %		

* **A modalidade non presencial** fai referencia á posibilidade de ter que recorrer a unha modalidade de ensino a distancia motivada por unha hipotética crise sanitaria da COVID-19 que implique o peche do centro. Nesa situación o alumnado recibiría as tarefas semanalmente a través da páxina web do centro e serían devoltas pola súa familia a través do Telegram oficial dos mestres/as, en formato vídeo, foto ou texto.

ADDENDA INTRODUCIDA EN TODAS AS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS DESTE CURSO (06/04/2022)

- A promoción de curso é automática.

2 Segundo de primaria

SÍNTESE DOS CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN CONTEMPLADOS NAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS:

	MODALIDADE PRESENCIAL			MODALIDADE NON PRESENCIAL *		
	Probas orais ou escritas	Traballo diario	Actitude	Probas orais ou escritas	Traballo diario	Actitude
Lingua galega	40 %	30 %	30 %	20 %	60 %	20 %
Lingua castelá	40 %	30 %	30 %	20 %	60 %	20 %
Matemáticas	40 %	30 %	30 %	20 %	60 %	20 %
Ciencias Naturais	40 %	30 %	30 %	20 %	60 %	20 %
Ciencias Sociais	40 %	30 %	30 %	20 %	60 %	20 %
Inglés	60 %	30 %	10 %	30 %	60 %	10 %
Plástica	50 % (bloc)	30 %	20 %	80 % (bloc)	0 %	20 %
Relixión	0 %	60 %	40 %	0 %	80 %	20 %
Música	MODALIDADE PRESENCIAL E NON PRESENCIAL * Probas específicas: 30% Interpretación e análise: 30% Traballo diario: 25% Actitude: 25 %					
Educación Física	MODALIDADE PRESENCIAL			MODALIDADE NON PRESENCIAL		
	Consecución de ítems das unidades: 60 % Observación individual nas sesións: 30 % Actitude: 10 %			Tarefas (fichas, cuestionarios, etc...): 100 %		

* **A modalidade non presencial** fai referencia á posibilidade de ter que recorrer a unha modalidade de ensino a distancia motivada por unha hipotética crise sanitaria da COVID-19 que implique o peche do centro. Nesa situación o alumnado recibiría as tarefas semanalmente a través da páxina web do centro e serían devoltas pola súa familia a través do Telegram oficial dos mestres/as, en formato vídeo, foto ou texto.

3 Terceiro de primaria

SÍNTESE DOS CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN CONTEMPLADOS NAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS:

	MODALIDADE PRESENCIAL			MODALIDADE NON PRESENCIAL *		
	Probas orais ou escritas	Traballo diario	Actitude	Probas orais ou escritas	Traballo diario	Actitude
Lingua galega	60 %	30 %	10 %	30 %	60 %	10 %
Lingua castelá	60 %	30 %	10 %	30 %	60 %	10 %
Matemáticas	60 %	30 %	10 %	30 %	60 %	10 %
Ciencias Naturais	60 %	30 %	10 %	30 %	60 %	10 %
Ciencias Sociais	60 %	30 %	10 %	30 %	60 %	10 %
Inglés	60 %	30 %	10 %	30 %	60 %	10 %
Plástica	80 % (bloc)	0 %	20 %	80 % (bloc)	0 %	20 %
Relixión	0 %	60 %	40 %	0 %	80 %	20 %
Música	MODALIDADE PRESENCIAL E NON PRESENCIAL * Probas específicas: 30% Interpretación e análise: 30% Traballo diario: 25% Actitude: 25 %					
Educación Física	MODALIDADE PRESENCIAL			MODALIDADE NON PRESENCIAL		
	Consecución de ítems das unidades: 60 % Observación individual nas sesións: 30 % Actitude: 10 %			Tarefas (fichas, cuestionarios, etc...): 100 %		

* **A modalidade non presencial** fai referencia á posibilidade de ter que recorrer a unha modalidade de ensino a distancia motivada por unha hipotética crise sanitaria da COVID-19 que implique o peche do centro. Nesa situación o alumnado recibiría formación por videoconferencia a través de Google Meet. A resolución de dúbidas e a asignación de tarefas levaríase a cabo de xeito semanal a través de Google e serían devoltas por dito medio en formato vídeo, foto ou texto.

ADDENDA INTRODUCIDA EN TODAS AS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS DESTE CURSO (06/04/2022)

- **A promoción de curso é automática.**

4 Cuarto de primaria

SÍNTESE DOS CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN CONTEMPLADOS NAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS:

	MODALIDADE PRESENCIAL			MODALIDADE NON PRESENCIAL *		
	<i>Probas orais ou escritas</i>	<i>Traballo diario</i>	<i>Actitude</i>	<i>Probas orais ou escritas</i>	<i>Traballo diario</i>	<i>Actitude</i>
Lingua galega	60 %	30 %	10 %	30 %	60 %	10 %
Lingua castelá	60 %	30 %	10 %	30 %	60 %	10 %
Matemáticas	60 %	30 %	10 %	30 %	60 %	10 %
Ciencias Naturais	60 %	30 %	10 %	30 %	60 %	10 %
Ciencias Sociais	60 %	30 %	10 %	30 %	60 %	10 %
Inglés	60 %	30 %	10 %	30 %	60 %	10 %
Plástica	60 % (bloc)	30 %	10 %	90 % (bloc)	0 %	10 %
Relixión	0 %	60 %	40 %	0 %	80 %	20 %
Música	MODALIDADE PRESENCIAL E NON PRESENCIAL * Probas específicas: 30% Interpretación e análise: 30% Traballo diario: 25% Actitude: 25 %					
Educación Física	MODALIDADE PRESENCIAL			MODALIDADE NON PRESENCIAL		
	Consecución de ítems das unidades: 60 % Observación individual nas sesións: 30 % Actitude: 10 %			Tarefas (fichas, cuestionarios, etc...): 100 %		

* **A modalidade non presencial** fai referencia á posibilidade de ter que recorrer a unha modalidade de ensino a distancia motivada por unha hipotética crise sanitaria da COVID-19 que implique o peche do centro. Nesa situación o alumnado recibiría formación por videoconferencia a través de Google Meet. A resolución de dúbidas e a asignación de tarefas levaríase a cabo de xeito semanal a través de Google e serían devoltas por dito medio en formato vídeo, foto ou texto.

5 Quinto de primaria

SÍNTESE DOS CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN CONTEMPLADOS NAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS:

	MODALIDADE PRESENCIAL			MODALIDADE NON PRESENCIAL *		
	Probas orais ou escritas	Traballo diario	Actitude	Probas orais ou escritas	Traballo diario	Actitude
Lingua galega	60 %	30 %	10 %	30 %	60 %	10 %
Lingua castelá	60 %	30 %	10 %	30 %	60 %	10 %
Matemáticas	60 %	30 %	10 %	30 %	60 %	10 %
Ciencias Naturais	60 %	30 %	10 %	30 %	60 %	10 %
Ciencias Sociais	60 %	30 %	10 %	30 %	60 %	10 %
Inglés	60 %	30 %	10 %	30 %	60 %	10 %
Plástica	60 % (bloc)	30 %	10 %	90 % (bloc)	0 %	10 %
Relixión	0 %	60 %	40 %	0 %	80 %	20 %
Música	MODALIDADE PRESENCIAL E NON PRESENCIAL * Probas específicas: 30% Interpretación e análise: 30% Traballo diario: 25% Actitude: 25 %					
Educación Física	MODALIDADE PRESENCIAL			MODALIDADE NON PRESENCIAL		
	Consecución de ítems das unidades: 60 % Observación individual nas sesións: 30 % Actitude: 10 %			Tarefas (fichas, cuestionarios, etc...): 100 %		

* **A modalidade non presencial** fai referencia á posibilidade de ter que recorrer a unha modalidade de ensino a distancia motivada por unha hipotética crise sanitaria da COVID-19 que implique o peche do centro. Nesa situación o alumnado recibiría formación por videoconferencia a través de Google Meet. A resolución de dúbidas e a asignación de tarefas levaríase a cabo de xeito semanal a través de Google e serían devoltas por dito medio en formato vídeo, foto ou texto.

ADDENDA INTRODUCIDA EN TODAS AS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS DESTE CURSO (06/04/2022)

- A promoción de curso é automática.

6 Sexto de primaria

SÍNTESE DOS CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN CONTEMPLADOS NAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS:

	MODALIDADE PRESENCIAL			MODALIDADE NON PRESENCIAL *		
	<i>Probas orais ou escritas</i>	<i>Traballo diario</i>	<i>Actitude</i>	<i>Probas orais ou escritas</i>	<i>Traballo diario</i>	<i>Actitude</i>
Lingua galega	60 %	30 %	10 %	30 %	60 %	10 %
Lingua castelá	60 %	30 %	10 %	30 %	60 %	10 %
Matemáticas	60 %	30 %	10 %	30 %	60 %	10 %
Ciencias Naturais	60 %	30 %	10 %	30 %	60 %	10 %
Ciencias Sociais	60 %	30 %	10 %	30 %	60 %	10 %
Inglés	60 %	30 %	10 %	30 %	60 %	10 %
Plástica	60 % (bloc)	30 %	10 %	90 % (bloc)	0 %	10 %
Relixión	0 %	60 %	40 %	0 %	80 %	20 %
Música	MODALIDADE PRESENCIAL E NON PRESENCIAL * Probas específicas: 30% Interpretación e análise: 30% Traballo diario: 25% Actitude: 25 %					
Educación Física	MODALIDADE PRESENCIAL			MODALIDADE NON PRESENCIAL		
	Consecución de ítems das unidades: 60 % Observación individual nas sesións: 30 % Actitude: 10 %			Tarefas (fichas, cuestionarios, etc...): 100 %		

* **A modalidade non presencial** fai referencia á posibilidade de ter que recorrer a unha modalidade de ensino a distancia motivada por unha hipotética crise sanitaria da COVID-19 que implique o peche do centro. Nesa situación o alumnado recibiría formación por videoconferencia a través de Google Meet. A resolución de dúbidas e a asignación de tarefas levaríase a cabo de xeito semanal a través de Google e serían devoltas por dito medio en formato vídeo, foto ou texto.